

A nova xeración de políticas ambientais a través de prezos

XAVIER LABANDEIRA VILLOT
ALBERTO GAGO RODRÍGUEZ

Alberto Gago Rodríguez e **Xavier Labandeira Villot** son membros do grupo de pesquisas rede e do Departamento de Economía Aplicada (Universidade de Vigo). As súas contribucións académicas á teoría e práctica da imposición ambiental son abundantes e inclúen, entre outras (ver <http://webs.uvigo.es/xavier>), o libro *La Reforma Fiscal Verde* (1999) e os artigos *Towards a Green Tax Reform Model* (2000) e *A Imposición Ambiental Galega* (2002).

* Os autores agradecen o apoio e suxerencias de Uxío Labarta, Fidel Picos Sánchez e Miguel Rodríguez Méndez.

Durante as últimas décadas un crecente número de países europeos estableceu diversos impostos sobre actividades e produtos que provocan efectos negativos sobre o medio ambiente. Estas fogiras coñécense tamén como mecanismos de prezos ou instrumentos económicos porque pretenden aproveitar os incentivos habituais do mercado para resolver ou controlar o deterioro ambiental. Un imposto ambiental é así un instrumento que xoga o papel dos prezos que non existen por contaminar, e que leva a termo o principio de ‘quen contamina paga’. Aplícase sobre unha emisión ou produto contaminante, co que leva á moderación da demanda (por parte do consumidor final) ou á introducción unha tecnoloxía máis limpa (por parte dunha empresa) para evitar o pagamento do imposto. Consecuentemente, os axentes afectados por estes impostos modifican o seu comportamento cun efecto positivo para o medio ambiente, e isto é un fenómeno sostido no tempo.

É obvio que o interese por estes instrumentos de política ambiental está moi vencellado á necesidade de controlar os crecentes problemas ambientais asociados aos intensos procesos de desenvolvemento urbano e industrial das sociedades modernas. O cambio climático é quizais o exemplo máis claro, pero o deterioro da calidade do ar, da auga ou o lixo sinalan máis razóns para a intervención pública mediante estes instrumentos. Como veremos, hai tamén importantes razóns económicas para o seu uso, que se unen á aparición de

recadación tributaria polo que caben efectos e actuacións que desbordan os orixinais obxectivos correctores ambientais (reformas fiscais ‘verdes’).

Sen embargo, fronte ás anteriores aproximacións de mercado, a maioría das políticas ambientais seguiron o denominado enfoque de ‘mandato e control’ que establece regulacións convencionais da actividade económica, acompañadas de mecanismos de inspección e control. A suposta avantaxe (seguridade) ambiental desta opción vén non obstante asociada a un incumprimento xeralizado do principio de ‘quen contamina paga’ (ao deixar fóra de computo as emisións permitidas) e a severas ineficiencias económicas. Polo contrario, os instrumentos de mercado incorporan os custos ambientais adicionais (isto é, externos ou non contemplados polo mercado) aos prezos dos consumos ou actividades que se queren moderar, conseguindo as melloras ambientais desexadas co mínimo custo para a sociedade e un impulso continuo do cambio tecnolóxico (para máis sobre isto, ver Gago e Labandeira, 1999). É por todo iso que os instrumentos económicos ou de mercado conforman unha nova xeración de políticas ambientais que pon un énfase especial na efectividade ambiental e no aforro de custos para a economía.

Foron diversas as institucións que entenderon desde o principio a importancia de utilizar estes mecanismos de incentivo no eido ambiental. Un exemplo claro é a Unión Europea, onde as fracasadas tentativas de aplicar un imposto sobre os gases precursores do efecto invernadoiro a comezos dos noventa deron pé a estratexias harmonizadoras na imposición enerxética convencional e á recente introducción doutro instrumento de mercado: o comercio de emisións. Outros actores amosaron unha actitude máis renuente, durante os primeiros anos poa desconfianza ante un instrumento que semellaba vender o dereito a contaminar, máis adiante polos aparentes efectos negativos que podería xerar o seu uso sobre a actividade económica. Na actualidade ambos temores están desbotados, pola maior protección que conceden na práctica esta clase de instrumentos e que xa recoñecen as organizacións ecoloxistas máis representativas, e pola crecente evidencia empírica sobre o éxito ambiental e económico destas aplicacións.

O obxectivo deste traballo é explicar que son e como funcionan estes impostos ambientais e que papel poden xogar nos sistemas fiscais avanzados, cunha referencia particular a Galiza. Primeiramente revisaremos a experiencia comparada no ámbito dos países da OCDE e explicaremos as características básicas dun esquema de reforma fiscal verde. Seguidamente faremos referencia ás aplicacións producidas no estado con esta clase de

tributos, onde as comunidades autónomas fixeron desde os anos oitenta unha aposta decidida, reforzada por figuras e experiencias introducidas en anos recentes. O caso galego será obxecto dunha atención especial: faremos unha análise do canon de saneamento de augas e do imposto sobre a contaminación atmosférica, e tamén unha reflexión sobre cal pode ser o futuro dos impostos ambientais no noso país.

Impostos ambientais e reformas fiscais verdes no mundo desenvolvido

A condición para que un imposto poida ser cualificado como ambiental é que sexa capaz de alterar a conducta dos axentes. Isto ocurrirá, como dixemos, a través do prezo e coa armazón institucional que queiramos imaxinar. Así, podemos gravar o propio produto da contaminación (por exemplo, X euros por tonelada de dióxido de carbono emitido á atmósfera), ou o consumo que a cause (por exemplo, X euros por tonelada de carbón utilizado nos procesos de combustión). Tamén é posible aplicar o imposto sobre o consumo maiorista (X euros por barril de petróleo, por exemplo) ou o consumo minorista (X euros por litro de gasolina mercado en surtidor, por exemplo), repercutilo sobre cada acto individual de depósito de residuos (por exemplo, X euros por bolsa de recollida de lixo) ou aplicalo colectivamente no momento da pesaxe dos camións no vertedoiro). O imposto pode discriminar nos actos de consumo (segundo a tipoloxía dos coches no momento da súa matriculación, por exemplo) ou no momento da súa fabricación (segundo o tipo de motor, por exemplo). Existen impostos ambientais específicos (por exemplo, sobre pesticidas, baterías, etc.) ou xenéricos (por exemplo, sobre todo tipo de consumos enerxéticos), con recadación afectada a determinados gastos ou sen afectación. A estrutura das taxas impositivas tamén dá marxe de actuación, ao poder escollerse entre taxas crecentes, proporcionais ou decrecentes.

En suma, a elección da estrutura dun imposto ambiental obedece a obxectivos e razóns diversas. O mellor deseño será aquel que consiga unha relación máis estreita co problema ambiental que se quere atallar. Sen embargo, isto non sempre pode resolverse a través de medición directa do deterioro ambiental causado por razóns tecnolóxicas, de control ou de viabilidade administrativa. Os exemplos anteriores permiten imaxinar esas dificultades, pero tamén axudan a comprender a posibilidade de utilizar neses casos outras fórmulas que funcionan como segundos óptimos e son perfectamente viables. Como se comprobará de inmediato, os sistemas fiscais dun amplo número de países desenvolvidos levan aplicando

estas figuras desde hai décadas con resultados satisfactorios (European Environment Agency, 2006). Os impostos ambientais son de natureza e perfil moi diversos, pero en xeral as experiencias artéllanse arredor das tres clases de figuras que describimos a continuación:

Impostos sobre combustibles. Practicamente todos os países contan con estas figuras, aínda que a súa forma pode variar (desde impostos xenéricos sobre a enerxía a específicos sobre gasolinas e gasóleos). A pesar de que o deseño inicial destes impostos respostou a razóns económico-fiscais e a presenza do argumento ambiental era bastante limitada (o que é visible, por exemplo, no trato favorable ao gasóleo de automoción na maior parte dos países europeos), estes tributos admiten con relativa facilidade a inclusión de diferenciacións dependendo dos criterios ambientais, como de feito acontece cos contidos de xofre nun número crecente de países. Polo tanto podemos aventurar a aplicación de reformas parciais sucesivas que poidan dar entrada a este tipo de discriminacións positivas na estrutura das taxas impositivas desta clase de impostos.

Impostos sobre vehículos. A experiencia con estas figuras é igualmente universal e está asociada a tres categorías principais: os impostos sobre a compra de vehículos, os impostos anuais sobre a súa titularidade e as taxas ligadas ao seu uso. Como no caso anterior, o seu deseño e aplicación iniciais obedeceron a razóns exclusivamente fiscais, pero son capaces de adaptarse con facilidade á introducción dalgún criterio ambiental como, por exemplo, o tamaño ou peso do vehículo, a potencia do motor ou o volume de emisións certificadas polo fabricante.

Impostos sobre residuos. Non menos extendida se encontra a aplicación de tributos sobre a recollida de residuos, sendo ben común o uso de taxas por prestación de servizo. Non obstante, cada día son máis numerosas as figuras que incorporan aspectos puramente regulatorios, por exemplo o volume/peso das bolsas de recollida ou o gravame polo depósito en vertedoiros ou incineradoras.

Se ben a maior parte dos países incorporaron individualmente os impostos ambientais citados aos seus sistemas fiscais, xa indicamos con anterioridade que algúns optaron por integralos como parte dunha proposta global de reforma tributaria. No fundamental, unha reforma fiscal verde supón usar os impostos ambientais para, nun marco de neutralidade recadatoria, promover o aplanamento da imposición directa. A imposición ambiental é un

instrumento óptimo para promover este intercambio porque, ademais de ser coerente cos principios fiscais dominantes que buscan melloras da eficiencia (isto é, a imposición indirecta, xeralmente aplicada sobre produtos, sen preocupación pola equidade vertical e cunha aplicación relativamente sinxela), xera beneficios extra de natureza ambiental.

A pesar de que a experiencia comparada con reformas fiscais verdes non é tan numerosa como a utilización de impostos ambientais particulares, conta con procesos reformistas moi interesantes que xa foron descritos e valorados noutras ocasións (Gago e Labandeira, 2000). Desde a pioneira reforma fiscal verde sueca de 1990, países como Alemaña, Austria, Dinamarca, Finlandia, Reino Unido, Holanda ou Noruega iniciaron este camiño reformista. As fórmulas utilizadas inclúen cambios fiscais diversos, pero en todas aprécianse algunhas regularidades que podemos caracterizar como os compoñentes básicos dun modelo desta caste:

- Reducións diversas nas taxas marxinais do IRPF e da estándar do imposto sobre sociedades (solucións empregadas nas reformas de primeira xeración).
- Reducións nas cotizacións sociais dos empregadores, limitadas en ocasións a determinados segmentos do mercado de traballo.
- Mecanismos compensatorios das perdas recatorias causadas coas anteriores medidas redutoras: introducción de novos impostos ambientais, habitualmente a partir dun imposto xenérico sobre a enerxía, apoiado por diferentes impostos específicos como os sinalados con anterioridade.

Este esquema reformista varía en función das características do sistema fiscal de partida. Por exemplo, aínda que a imposición sobre a enerxía pode instrumentarse cun único imposto xenérico que marque o criterio ambiental para todo tipo de consumos enerxéticos, algúns países preferiron resolver o problema reformando e extendendo os actuais impostos especiais sobre combustibles, ambientalizándoos no senso descrito con anterioridade. Outros países promoveron a introducción dun imposto parcial sobre a enerxía, no que se someten con criterios ambientais os consumos enerxéticos non gravados anteriormente. Coa fórmula que sexa, o certo é que o modelo de reforma fiscal verde está perfectamente definido e conta con abundantes e exitosas aplicacións a nivel internacional.

A situación no Estado

Até o momento os gobernos central e locais do estado permaneceron en grande medida alleos ás experiencias relatadas con anterioridade, no caso dos gobernos locais debido á súa baixa capacidade legal para desenvolver estes instrumentos. O goberno central, nunha actitude que incluso podemos describir como obstructora, argumentou durante moitos anos os supostos efectos negativos sobre a competitividade económica española para fundamentar a súa posición contraria á introducción desta clase de tributos. O resultado foi o recrudecemento de moitos problemas ambientais e unha evolución moi negativa das emisións españolas de gases de efecto invernadoiro respecto aos acordos existentes neste eido. Ese comportamento vai provocar, sen dúbida, uns custos máis elevados sobre a economía española pola necesidade de implementar agora políticas máis intensas e abruptas contra o cambio climático.

As comunidades autónomas foron unha excepción, sen embargo, ao apostar polo uso de tributos propios (sobre os que teñen capacidade decisoria total) con este perfil. É posible que esta aposta buscase sortear as restriccións impostas pola Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas (LOFCA) para a creación de tributos propios, así como facer fronte ás crecentes necesidades financeiras durante o proceso de descentralización político e económico, só parcialmente cubertas cos mecanismos de asignación asociados á imposición central cedida e non cedida (transferencias intergubernamentais).

A aposta das comunidades autónomas polo uso de impostos ambientais foi claramente moi decidida, aínda que os deseños e aplicacións iniciais contaron con abundantes fallos e problemas. A maior parte dos tributos ambientais autonómicos están relacionados coas emisións de residuos líquidos, pero a experiencia acumulada durante máis de dúas décadas permite describir na actualidade outro tipo de figuras, tales como os impostos relacionados coas emisións contaminantes de orixe enerxética, cos produtos e procesos enerxéticos e cos residuos sólidos de diferente natureza.

Só cabe que o goberno central acabe de concretar os seus plans de reforma fiscal para observar se os prezos xogan un papel relevante nas políticas ambientais españolas (Ministerio de Economía y Hacienda, 2006). A grandes rasgos, estas propostas suporían a introducción diferida de impostos ambientais e a redución simultánea de taxas marxinais

en IRPF e da taxa estándar no imposto sobre sociedades. En conxunto, pois, semella que o actual goberno español aposta por un modelo característico de reforma fiscal verde, se ben resta por saber que tipo de figuras ambientais se van empregar, cal será a súa asignación xurisdiccional e como se cadrarán as modificacións recatorias que xeren. Aínda que con década e media de retraso, o sistema fiscal español está pois en proceso de converxencia co grupo de países que utilizan os impostos ambientais como elementos centrais das reformas fiscais deste século.

Galiza e a imposición ambiental

A implantación en Galiza de dúas figuras tributarias autonómicas con perfil ambiental, o canon de saneamento de augas de 1993 e o imposto sobre a contaminación atmosférica (ICA) en 1995, fixo aventurar unha posición decidida e precursora no uso da imposición ambiental, feito que finalmente non se confirmou. Nun contexto de crecentes aplicacións, nos seguintes dez anos o nos país ficou con só dúas figuras que ademais acumulan un bon número de debilidades e incoerencias. En Gago e Labandeira (2002) presentamos unha descripción, análise e valoración moito máis pormenorizada destes tributos, cuxas características fundamentais e datos recatorios recóllense nas Táboas 1 e 2.

Os canons de saneamento constitúen o tributo ambiental máis antigo e representativo das comunidades autónomas, e contan cunha dobre finalidade: por unha banda o obxectivo ambiental de reducir o verquido de augas residuais e por outra o obxectivo financeiro de conseguir recursos para construír e manter as infraestruturas necesarias para o tratamento destas augas, razón pola cal a súa recadación está afectada. A xestión administrativa destes canons é realizada habitualmente por organismos autónomos, no caso do noso país por *Aguas de Galicia*, coa misión de desenvolver a política de saneamento de augas residuais e actividades relacionadas coa planificación hidrolóxica. As empresas ou entidades (públicas ou privadas) que subministran augas están obrigadas a facturar e ingresar a recadación do canon neste organismo, e actúan polo tanto como substitutos do contribuinte facilitando a xestión do tributo.

(Táboa 1, aquí)

As características estruturais básicas do canon galego de saneamento non aportan novidades respecto a outras aplicacións destas figuras no ámbito autonómico. O seu feito impositivo é a xeración de verquidos de augas residuais, definición que conleva importantes dificultades administrativas polo que o canon galego recorre maioritariamente ao indicador indirecto do consumo de auga. Deste xeito, utiliza unha dobre hipótese bastante imperfecta: primeira, que existe unha relación estreita entre a auga que entra e sae, e segunda, que esa relación prodúcese tamén entre o consumo de auga e os verquidos realizados, de xeito que a auga sae cun nivel de contaminación similar que pode xeralizarse a todo tipo de consumidores cun mesmo criterio impositivo. A partir de aquí o funcionamento do canon é previsible, matizado por unhas taxas relativamente baixas (aínda que con considerables subas en momentos puntuais) e uns efectos sobre os consumos e as emisións moi reducidos pola escasa reacción da demanda a pequenos cambios relativos de prezo.

O fito máis importante e orixinal no desenvolvemento da fiscalidade ambiental galega tivo lugar a mediados dos anos noventa, coa creación do xa mencionado ICA. No seu momento foi o tributo con maior perfil ambiental aplicado no estado, e constituiu obxecto de estudo e réplica por parte dun número considerable de comunidades autónomas. O feito impositivo do ICA son as emisións de óxidos de xofre e nitroxenio, ambos contaminantes orixinados maioritariamente pola queima de combustibles fósiles e causa fundamental do fenómeno de choiva ácida. É neste caso habitual a medición directa, posto que ésta xa se realiza de oficio con outros obxectivos, aínda que existen procedementos de estimación indirecta da base impositiva. As taxas impositivas son crecentes, cun elevado mínimo exento, e a recadación se encontra afectada á protección ambiental e á dotación dun fondo contra catástrofes ambientais.

(Táboa 2, aquí)

En xeral a avaliación ambiental do ICA non é positiva, principiando por unha pouco afortunada asignación xurisdiccional para a corrección dun problema ambiental de alcance claramente supranacional. Ademais, o mínimo exento é moi amplo e as taxas aplicadas son moi baixas en comparación cos danos causados, polo que os resultados ambientais son moi escasos. Como resultado, a súa efectividade fiscal é igualmente limitada, cunha evolución recadatoria practicamente plana ao longo dos seus dez anos de funcionamento. O imposto aplícase sobre menos de dez suxeitos pasivos, obtendo case un 70% dos seus recursos dun

deles, o que desvirtúa grandemente a utilidade dunha aproximación de mercado. Aínda así, pensamos que o imposto supuxo un paso adiante na concienciación ante un problema ambiental considerable para o país e na popularización deste tipo de iniciativas fiscais.

Ollando ao futuro

Baseados nos datos e experiencias que aportamos neste traballo, podemos concluir que nos vindeiros anos a imposición ambiental será utilizada de modo continuado e intenso. Asemade, é moi probable que os sistemas fiscais estendan o uso de impostos enerxéticos de base ampla, que serán reforzados con outras figuras centradas basicamente no consumo e contaminación das augas e outras específicas sobre determinados consumos contaminantes (por exemplo pesticidas, baterías, refugallos industriais, etc.). Isto confírmase no caso español, onde o goberno central acaba de anunciar a súa intención de comenzar a andaina da reforma fiscal verde, xa iniciada por algúns países pioneiros durante os primeiros noventa. Non hai dúbida, por tanto, de que ese será o camiño da reforma fiscal española no segundo quinquenio do século.

A nivel autonómico tamén cabe agardar unha intensificación da aposta polas figuras impositivas, que debería acompañarse dun proceso gradual de harmonización e racionalización. En primeiro lugar, é probable que se busque unha asignación xurisdiccional o máis eficiente posible e, neste senso, hai que resaltar que os tributos sobre problemas globais deberían asignarse a niveis de goberno superiores, quedando para os gobernos subcentrais aqueles tributos cun alcance espacial máis limitado, en liña cos postulados do federalismo fiscal. En segundo lugar, parece convinte unha certa harmonización de políticas co fin de evitar a competencia fiscal entre administracións e garantir uns niveis mínimos de calidade ambiental en todos os territorios. Nembargantes, isto non debe levar a restrinxir os espazos fiscais autonómicos, xa forxados con dificultades, e onde no caso de problemas ambientais localizados a capacidade de actuación debe ser total.

Outro asunto a considerar nun futuro próximo na descentralización fiscal ás comunidades autónomas é o papel da imposición enerxética convencional, tendo en conta a forte correlación que existe entre o consumo destes produtos e os problemas ambientais contemporáneos. Esta situación vese reforzada polo relativamente baixo nivel destes

tributos en comparación cos existentes nos países do noso contorno e os crecentes efectos ambientais negativos dos consumos gravados. No ámbito territorial que nos ocupa, as administracións autonómicas poden e deben xogar un maior papel respecto a estes tributos, ben a través do reforzo dos tributos propios existentes ou mediante o incremento de cesión e dotación de capacidades normativas. Isto permitiría abordar simultaneamente a corrección de externalidades, que en moitos casos afectan negativamente á saúde, e a consecución de novos recursos financeiros para as crecentes necesidades de gasto.

Dado o carácter recadatorio de impostos ambientais ou enerxéticos potentes e estables é posible anticipar que as administracións autonómicas farán uso deles e aplicarán reformas fiscais verdes. A evidencia empírica existente, que inclúe varias simulacións para España [por exemplo, Labandeira, Labeaga e Rodríguez (2004)], suxire que este tipo de paquetes reformistas consegue melloras simultáneas no medio ambiente, na actividade económica e no emprego. Por tanto, ábrese a posibilidade para moitas comunidades autónomas de poñer en xogo un novo campo de actuación que permita introducir os impostos ambientais nunha reforma sistémica que posibilite, por primeira vez, unha utilización profunda das capacidades normativas nos impostos cedidos existentes.

Polo que respecta á facenda galega, a experiencia acumulada sinala un camiño a seguir que debe dar continuidade á aposta iniciada hai unha década. As novas propostas de fiscalidade ambiental galega deben correxir erros pasados e afortalar o deseño dunha política fiscal e ambiental propias. Consideramos así que sería necesario que as figuras xa existentes experimentasen certos cambios, ademais de incorporar novos tributos que resposten á nosa realidade ambiental e económica.

En liña co xa avanzado e comezando por un dos impostos existentes, o ICA, sería necesario introducir tres liñas de cambio: (i) diminuír o mínimo exento para aumentar a protección ambiental e evitar discriminacións sectoriais, (ii) a estrutura do imposto debería deixar de ser progresiva respecto ao nivel de emisións, un feito que carece de xustificación ambiental e é ineficiente desde o punto de vista económico, e (iii) a taxa impositiva debería experimentar un aumento notable co fin de converxer cos danos ambientais reais, cunha simultánea redución da afectación da figura para evitar unha vinculación ineficiente das actuacións de ingreso e gasto público.

Na nosa opinión tamén habería que introducir cambios no canon de saneamento, que debería observar un incremento moderado das taxas impositivas para deste modo aproximarse aos custos sociais dos verquidos e do seu tratamento. Problemas ambientais extendidos e recurrentes, como o que estamos a vivir últimamente nalgunha das nosas rías, recomandan esta actuación. Como no caso do ICA, coidamos que debería reducirse a cantidade afectada a *Augas de Galicia*, que preferiblemente debería financiarse a través de transferencias finalistas desde a Xunta vinculadas ás súas necesidades de gasto.

Respecto á creación de novos tributos, dadas as características do país e a evolución dos nosos problemas ambientais, pensamos que é esencial a definición dun tributo sobre o lixo (en liña con outras experiencias autonómicas) e recomendable a introducción doutro sobre as canteiras. O tributo sobre o lixo tería como obxectivo reducir as deposicións de residuos sólidos en verquedoiros e incineradoras, promovendo a reciclaxe e conductas de consumo menos agresivas. Este imposto podería gravar residuos non orgánicos nos primeiros anos, abranguendo posteriormente todo tipo de residuos. A taxa impositiva debería ser suficientemente elevada para inducir mudanzas no comportamento, pero sen provocar unha tendencia ao depósito ilegal de residuos. Parte da recadación obtida por este tributo debería destinarse aos concellos que induzan medidas para a reciclaxe e a redución de lixo.

O imposto sobre canteiras, do que existen precedentes no entorno europeo, implantaríase como resposta ante o grave deterioro ambiental que se está a producir en determinadas zonas do noso país a consecuencia da actividade de extracción de minerais. O imposto gravaría a tonelada de material extraído en canteiras co fin de dotar un fondo que se utilizaría na recuperación das zonas afectadas. A taxa impositiva a aplicar permitiría obter recursos sen afectar á competitividade internacional deste sector.

Recapitulando, Galiza se enfrenta nos próximos anos a importantes desafíos sociais, ambientais e económicos e que van esixir fortes doses de imaxinación, innovación e valentía. Entre eles probablemente se encontra o deseño e aplicación dunha nova xeración de políticas ambientais que resposten ás nosas especificidades e intereses e que se enmarquen dentro das tendencias dos países desenvolvidos do noso entorno. Coidamos que neste contexto os instrumentos económicos teñen un importante papel a xogar e que todos os axentes implicados (reguladores, contaminadores, contaminados, ecoloxistas,

académicos) deben contribuir ao debate, estudo e defensa da súa introducción naqueles casos en que sexan viables e superiores a outras alternativas regulatorias.

Bibliografía

European Environment Agency (2006) *Using the Market for Cost-effective Environmental Policy*. EEA Report 1/06, Copenhagen.

Gago, A. e Labandeira, X. (1999) *La Reforma Fiscal Verde. Teoría y Práctica de los Impuestos Ambientales*. Mundi Prensa, Madrid.

Gago, A. e Labandeira, X. (2000) 'Towards a Green Tax Reform Model', *Journal of Environmental Policy and Planning*, Vol. 2, 1, páx. 25-37.

Gago, A. e Labandeira, X. (2002) 'A Imposición Ambiental Galega', *Revista Galega de Economía*, Vol. 11, 2, páx. 149-172.

Labandeira, X., Labeaga, J. M. e Rodríguez, M. (2004) 'Green Tax Reforms in Spain', *European Environment*, Vol. 14, 5, páx. 290-299.

Ministerio de Economía y Hacienda (2006) *Anteproyecto de Ley del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas y de Modificación Parcial de las Leyes de los Impuestos sobre Sociedades, sobre la Renta de No Residentes y sobre el Patrimonio*.

Taboa 1. O canon de saneamento galego

Normativa aplicable	Lei 8/1993, Real Decreto Lexislativo 1/2001.
Feito imponible	Produción de verquidos de augas e de produtos residuais, realizados directa ou indirectamente, entendéndose realizado o feito imponible polo consumo ou pola utilización potencial ou real da auga de calquera procedencia.
Exencións	<ul style="list-style-type: none"> a. Alimentación de fontes públicas ou monumentais, bocas de rego e extinción de incendios a cargo de entidades públicas. b. Utilización de auga para o uso de rego agrícola. c. Usos domésticos nos núcleos de poboación que non dispoñan de saneamento, mentres non entre en funcionamento. d. Consumo ou uso de auga para usos domésticos nas aglomeracións urbanas de menos de 2.000 habitantes, entendidas éstas como aquelas zonas xeográficas formadas por un ou varios concellos, ou parte dun ou varios deles, que pola súa poboación ou actividade económica constitúan un foco de xeración de augas residuais que xustifique a recollida e condución a unha instalación de tratamento ou a un punto de verquido final.
Suxeito pasivo	O titular do contrato de subministro ou quen por calquera outro medio adquira a auga para consumo directo. Están obrigados ao ingreso do canon de saneamento, en concepto de substitutos do contribuinte, as persoas ou entidades que subministren a auga.
Devengo, periodo impositivo e declaracións	O canon devengarase no momento de se producir o verquido ou no momento en que se produza o consumo de auga procedente de entidades subministradoras ou de captacións propias. Ingresarase periódicamente mediante un sistema de declaración- liquidación formulada polo substituto do contribuinte e será liquidado directamente pola administración aos suxeitos pasivos que sexan titulares de captacións propias de augas superficiais ou subterráneas, ou que sen selo e sen recibir auga dunha entidade subministradora efectúen verquidos contaminantes.
Base imponible	<ul style="list-style-type: none"> a. En xeral, o volume de auga consumida ou utilizada no periodo considerado. b. Nos casos en que a administración, de oficio ou a instancia do suxeito pasivo, opte pola determinación por medida directa ou por estimación obxectiva singular da carga contaminante, a base consistirá na contaminación efectivamente producida ou estimada expresada en unidades de contaminación.
Taxas impositivas	<p>Usos industriais ou asimilados (cando o consumo de auga é superior a 3.000 m³ ou cando orixine contaminación maior que a producida por unha poboación de 200 habitantes):</p> <p style="padding-left: 40px;">Taxa xeral por volume: 0,324 euros/m³.</p> <p style="padding-left: 40px;">Materias en suspensión: 0,190 euros/kg; Sales solubles: 3,046 euros/S/cm.m³; Materia oxidable: 0,380 euros/kg;</p> <p style="padding-left: 40px;">Metais: 8,555 euros/kg equimetal; Materias inhibidoras: 0,039 euros/equitos;</p> <p>Usos domésticos: 0,194 euros/m³.</p> <p>As anteriores taxas poderán ser modulados polos coeficientes de verquidos ao mar no seu caso.</p>
Deducións e bonificacións	50 % da cuota tributaria para os usos domésticos da auga por familias numerosas.
Afectación	Financiamento de gastos de investimento e de explotación de infraestruturas de evacuación e de tratamento de augas residuais.
Evolución recadatoria (1999-2004)	1999: 5387750 euros (100); 2000: 7755650 euros (144); 2001: 8557520 euros (159); 2002: 9023860 euros (167); 2003: 10048390 euros (186); 2004: 18513660 (344)

Taboa 2. O imposto sobre a contaminación atmosférica de Galiza

Normativa aplicable	Lei 12/1995, Decreto 4/1996 (regulamento), Ley 6/2002 (taxas impositivas).
Feito imponible	Emisión á atmósfera de dióxido de xofre ou calquera outro composto osixenado do xofre, ou de dióxido de nitroxenio o calquera outro composto osixenado do nitroxenio.
Exencións	-
Suxeito pasivo	Os titulares das instalacións ou actividades que emitan as substancias contaminantes gravadas.
Devengo, periodo impositivo e declaración	-
Base imponible	<p>a. As cantidades emitidas de dióxido de xofre e de dióxido de nitroxenio expresaranse en toneladas.</p> <p>b. As cantidades emitidas de compostos osixenados de xofre expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de xofre.</p> <p>c. As cantidades emitidas de compostos nitroxenados expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de nitroxenio.</p> <p>Estas cantidades poderán ser calculadas por estimación directa ou obxectiva.</p>
Taxas impositivas	<p>De 0 a 1.000,00 tm anuais: 0 €</p> <p>De 1.000,01 a 40.000,00 tm anuais: 33 €</p> <p>De 40.000,01 a 80.000,00 tm anuais: 36 €</p> <p>De 80.000,01 tm anuais en diante: 42 €</p>
Deduccións e bonificacións	-
Afectación	<p>1. Financiar as actuacións da Xunta en materia de protección ambiental e conservación dos recursos naturais de Galiza.</p> <p>2. Cun 5 % dos ingresos obtidos en cada exercicio dotarase un fondo de reserva para atender a danos extraordinarios e situacións de emerxencia provocados por catástrofes ambientais até chegar a 6.000.000 euros, cantidade que será repostada a medida que sexa utilizada mediante novas dotacións anuais.</p>
Evolución recadatoria (1999-2004)	1999: 15151260 euros (100); 2000: 13662140 euros (90); 2001: 13090630 euros (86); 2002: 15583250 euros (103); 2003: 15443370 euros (102); 2004: 17226120 (114)